

Dependencia CIR.- Mobilidade e Seguridade Cidadá 317.- MMOBE		
Documento	Expediente	Fecha
CIR10I1A7		18-05-16 14:17

Decreto
Fecha 09-06-2016
Número DEC/3578/2016

Asunto
TARXETAS DE ARMAS

Entidade certificadora da actividade
POLICIA LOCAL

15078DCIR10I1A7v



DECRETO.- Santiago de Compostela, 18 de maio de 2016

I.- O Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas, atribúe o Alcalde a concesión e retirada de tarxetas de armas que amparan a tenza e o uso das de cuarta categoría fora do domicilio. Asemade incluírñase tamén as armas lúdico-deportivas, en base ó disposto na Orde INT/2860/2012 do 27 de decembro.

,Co fin de conquistar unha mellor eficacia e eficiencia na xestión; e asemade unha maior seguridade na expedición e control de ditas autorizacións, tanto en beneficio dos interesados como da propia administración municipal, de conformidade co disposto no artigos 124.ñ) da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local, artigos 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e concordantes do Regulamento de Armas xa mencionado.

II Por Decreto do Alcalde de data 16 de xuño de 2015, en base ás competencia que a lexislación de réxime local outorga ó Alcalde, nos artigos 124 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o 31 e ss. Do Regulamento Orgánico de Goberno e Administración do Concello de Santiago acórdase delegar no Concelleiro de Medio Ambiente e Convivencia a competencia de outorgamento das autorizacións e licenzas previstas no Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas e a competencia sancionadora das infraccións relacionadas coa aplicación desa norma.

Visto o exposto nos parágrafos anteriores; así como na Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local modificada polas Lei 11/99 do 21 de abril e na Lei 57/2003 de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local e demais normativa de aplicación, especialmente o disposto no Real Decreto 137/1993 de 29 de xaneiro.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- A policía local, baixo a dependencia da súa Xefatura, terá o seu cargo, a tramitación control e rexistro das tarxetas que se autoricen e as armas amparadas polas mesmas; en canto o cumprimento dos requisitos previstos regulamentariamente en canto a súa concesión e disfrute.

SEGUNDO.- Os requisitos a ter en conta na concesión da autorización por primeira vez ou a renovación dos permisos próximos a caducar, serán os seguintes:

Dependencia CIR.- Mobilidade e Seguridade Cidadá 317.- MMOBE		
Documento CIR1011A7	Expediente	Fecha 18-05-16 14:17

Decreto
Fecha 09-06-2016
Número DEC/3678/2016

a) No suposto de que o solicitante sexa maior de idade, presentarase:

- Fotocopia do DNI, NIF, NIE ou pasaporte.
- Certificado de aptitudes psicofísicas expedido por centro de recoñecemento autorizado.
- Certificado de antecedentes penais
- Fotocopia da factura que acredite a propiedade da arma, onde se indique a marca, modelo, tipo, calibre e número de serie (no suposto de quedar acreditada a imposibilidade de presentación da factura da arma admitirase unha declaración xurada na que consten os datos referidos á arma).
- Copia da autoliquidación da taxa por expedición de documentos administrativos en aplicación da Ordenanza Fiscal 3.07, apartado 6.2 (o abono da taxa non implica que o interesado estea en posesión da tarxeta de armas).

b) No suposto de que o solicitante sexa menor de idade, será necesario presentar:

- Fotocopia do DNI, NIF, NIE ou pasaporte.
- Autorización da persoa ou persoas que ostenta a patria potestade ou tutela.
- Certificado de antecedentes penais de quen ostenten a patria potestade ou tutela.
- Fotocopia da factura da arma de 4ª categoría (no suposto de quedar acreditada a imposibilidade de presentación da factura da arma admitirase unha declaración xurada na que consten os datos referidos á arma).
- Copia da autoliquidación da taxa por expedición de documentos administrativos en aplicación da Ordenanza Fiscal 3.07, apartado 6.2 (o abono da taxa non implica que o interesado estea en posesión da tarxeta de armas).

TERCEIRO.- A tarxeta de armas de 4ª categoría, só terá validez, dentro do termo municipal de Santiago de Compostela.

Notifíquese o presente decreto ós interesados e ós demais negociados, seccións e servizos correspondentes.

O CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA

Xan Xesús Duro Fernández

